



Nota de prensa

A cooperativa e WWF colaboran desde o 2004

## **EROSKI SÚMASE UN ANO MÁIS Á CAMPAÑA "A HORA DO PLANETA" PROMOVIDA POR WWF**

- O vindeiro sábado EROSKI sumarase ao apagamento simbólico da maior iniciativa global en defensa do medio ambiente, que este ano ten por lema "Conéctate coa natureza"
- EROSKI e WWF colaboran desde hai anos para promover políticas ambientais en relación coa sustentabilidade dos caladoiros de pesca, a mellora da eficiencia enerxética e a promoción dun consumo máis responsable

Elorrio, 24 de marzo do 2021.- [EROSKI](#) súmase por décimo primeiro ano consecutivo á campaña "[A Hora do Planeta](#)", promovida por [WWF](#) co respaldo das Nacións Unidas. Realizará un apagamento simbólico na súa páxina web [www.consumer.es](http://www.consumer.es), que seguirá activa cunha luz atenuada de menor intensidade, e mais difundirá a iniciativa a través da súa páxina web e redes sociais, ás que se unirán EROSKI, Caprabo e Vegalsa. Millóns de persoas de todo o mundo apagarán a luz durante unha hora (entre as 20:30 e as 21:30 hora local) o vindeiro sábado 27 de marzo para concienciar o mundo sobre a importancia do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

O lema deste ano é "Conéctate coa natureza". Trátase dun ano decisivo para a protección da natureza, no que os líderes mundiais tomarán decisións políticas clave sobre a acción climática, o desenvolvemento sostible e a natureza: en maio do 2021 vai ter lugar en Kunming (China) o 15º Cumio sobre a biodiversidade. Esta xuntanza, xunto co Cumio sobre o Clima 2021, que terá lugar en novembro en Glasgow (Escocia), serán dous momentos fundamentais para lograr un plan global ambicioso para transformar a relación da sociedade coa biodiversidade e garantir que para o 2050 se cumpra a visión compartida de vivir en harmonía coa natureza.

*"Un ano máis EROSKI únese a esta iniciativa de WWF, que se converteu na maior acción global de sensibilización en defensa do medio ambiente coñecida ata o momento. Os consumidores son cada vez máis esixentes cos criterios de sustentabilidade e en EROSKI traballamos para lles dar resposta a esas demandas a prol dun consumo máis responsable",* sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

### **Compromiso coa loita contra o cambio climático**

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



EROSKI inclúe dentro dos seus 10 Compromisos pola Saúde e a Sustentabilidade numerosas liñas de acción para mellorar o seu impacto ambiental. Entre os seus obxectivos está precisamente o de reducir un 25% as súas emisións de gases de efecto invernadoiro para o 2025. Para iso, pon o foco na mellora dos seus produtos, servizos, tendas e procesos.

EROSKI traballa para ofrecer produtos máis sostibles, potenciando os alimentos locais e incluíndo certificacións que garanten unha produción máis responsable, como por exemplo na súa gama de produtos EROSKI Bio e Eco lanzada no 2020. Tamén traballa para mellorar os seus envases de marca propia, cos obxectivos de que todos sexan 100% reciclables e de reducir polo menos un 20% as toneladas de plástico comercializadas no 2025. Neste sentido, destacan as súas iniciativas para aumentar a froita e verdura por xunto e para facilitar o uso de envases reutilizables, como tápers na carnicería e na peixería, mallas na froitería e bolsas de rafia, cun 70% de plástico reciclado, e de tea na liña de caixas.

EROSKI tamén mellora a eficiencia dos seus procesos para reducir o seu impacto ambiental. Así, no tocante ao transporte dos seus produtos, optimizou a planificación das súas rutas desde os provedores ata as plataformas, e a distribución capilar desde estas ata as tendas, mellorando o enchido de mercadoría, aforrando traxectos, tempos de conducción, quilómetros percorridos e combustible. De feito, EROSKI conseguiu recentemente a súa primeira estrela Lean & Green por superar o obxectivo de reducir un 20% as súas emisións de CO<sub>2</sub> nos procesos de loxística e transporte. Chegou a alcanzar un 25% de redución en catro anos, un menos ca o prazo establecido inicialmente.

Para reducir o consumo enerxético das súas tendas e plataformas loxísticas, aposta por unha construción sostible e por equipos máis eficientes enerxeticamente e con menor impacto ambiental. Destacan accións como o uso de iluminación LED, detectores de presenza, robots de temperaturas, uso de gases refrixerantes menos contaminantes e deseños que favorecen o aproveitamento da luz natural. Ademais, segue avanzando na compra de enerxía verde, que actualmente xa realiza no 20% das súas plataformas.

EROSKI conta ademais con ferramentas para lle poder trasladar todas as medidas e toda a información á cidadanía: *“EROSKI está comprometido coa formación ao consumidor en hábitos máis responsables, a través do noso proxecto informativo*

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



*CONSUMER e da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI, cun módulo de medio ambiente elaborado, precisamente, con WWF. Ademais, avanzamos cara a unha maior transparencia sobre o perfil ambiental dos nosos produtos, con, por exemplo, a publicación de forma pioneira na distribución de declaracións ambientais de produtos de marca propia”, salientou Martínez Berriochoa.*

### **Más de 15 anos de colaboración**

EROSKI e WWF colaboran desde hai máis de 15 anos en distintas iniciativas para o desenvolvemento de distintas políticas ambientais en relación coa explotación sostible de caladoiros, a mellora na eficiencia enerxética, a promoción dun consumo máis responsable, a promoción de pesca sostible ou o lanzamento de produtos de marca propia EROSKI con boas prácticas sostibles. Ademais, WWF colabora coa revista [www.consumer.es](http://www.consumer.es) publicando contidos na súa canle de medio ambiente e avala o programa da cooperativa sobre alimentación saudable [Ekilibria](#).

Doutra banda, WWF segue a desenvolver contidos pedagóxicos para un módulo específico sobre sustentabilidade dentro do Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables que desenvolve a [Escola de Alimentación EROSKI](#) en colaboración con centros escolares de toda España.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)